

Resumo Noticias da Galiza

Segundo Trimestre 2012



05/04/2012

En risco o dereito a unha defensa xusta, denuncia Colexio de Avogados de Compostela

O Colexio de Avogados de Santiago critica o anuncio de novas taxas nos xulgados e do aumento das existentes. Na súa opinión este anuncio do ministro de Justicia provoca "unha xustiza para ricos e outra para pobres" mentres se pon en risco os dereitos dos cidadáns. Lembra que o dereito a unha defensa xusta é un dereito fundamental.

<http://www.esculca.net/web/node/2795>



06/04/2012

Grave vulneración de dereitos de persoas presas no cárcere da Lama

EsCULcA acaba de facer pública unha nota de prensa sobre tres casos de grave vulneración de dereitos das persoas presas no cárcere da Lama (Pontevedra) e anuncia accións legais para urxir os responsábeis institucionais a tomaren medidas precisas a fin de garantir a salvagarda deses dereitos a solución inmediata desta situación.

<http://www.esculca.net/web/node/2817>



08/04/2012

A morte de José Couso. Nove anos à espera de justiça

Hai hoje 9 anos o cámara ferrolano José Couso foi abatido por un proyectil disparado desde un carro de combate estadounidense quando realizava o seu traballo no Hotel Palestina en Bagdag, sem que por agora se tenha feito justiça. No mesmo ataque morreu Taras Protsyuk, cámara de Reuters, e resultaron feridos outros três xornalistas.

<http://www.esculca.net/web/portada?page=12>



08/04/2012

Chocolatada contra multa do concelho na Gentalha do Pichel

O 9 de abril, às 10:00 da manhã, terá lugar nos xulgados de Compostela a vista oral do recurso presentado pola Gentalha do Pichel contra a decisión do Concelho de Compostela de sancionar a asociación por colocar numha praça da cidade onde se celebrava umha cacharela, en xunho de 2010, umha faixa com o lema "Em Galiza só em galego" .

<http://www.esculca.net/web/node/2842>



09/04/2012

Xornadas sobre migración: mitos e realidades. Co-organiza EsCULcA

Os días 10-11 e 17-18 de abril terán lugar na Facultade de Educación de Ourense as Xornadas que, ao igual que en anos anteriores, co-organizan a Universidade de Vigo e EsCULcA. Nesta ocasión os traballos abordarán os mitos e a realidade do fenómeno migratorio nos diversos ámbitos da vida social (económico, penal, cultural, etc.).

<http://www.esculca.net/web/node/2843>



16/04/2012

Convocan concentración en apoio de Natalia Soliño

Persoas e colectivos convocan unha concentración para o próximo martes, 17 de abril ás 12:00 diante do concello de Redondela, en apoio de Natalia Soliño, a moza que cando ía facer unha prova para un posto de bolseira na Oficina de Turismo foi advertida por un membro do tribunal -Técnico do Padroado Rías Baixas- que "non sería avaliada" se a facía en galego.

<http://www.esculca.net/web/node/2879>



16/04/2012

A propósito das denuncias por tortura e malos tratos no cárcere da Lama

Funcionários do cárcere da Lama (Pontevedra) deféndense das denuncias por tortura e malos tratos presentadas por dous reclusos afirmando teren intervido "pinchos" aos denunciante e Institucións Penitenciarias, antes de concluir a investigación, adianta xa que esas denuncias son "rigorosamente falsas" e que o proceder dos funcionarios se axustou "ao que marca a lei".

<http://www.esculca.net/web/node/2880>



16/04/2012

O Colectivo de Pres@s Independentistas Galeg@s anuncia que boicotarán a comida das cadeias

O Colectivo de Pres@s Independentistas Galeg@s anuncia que esta terça-feira, 17 de abril, coincidindo com o día de apoio @s pres@s polític@s, nom aceitarán a comida da cadeia como gesto em denúncia da dispersom que mantém estas persoas afastadas centos de kilómetros da terra, práctica que castiga também familiares e amigos das persoas reclusas.

<http://www.esculca.net/web/node/2881>



17/04/2012

A Consellaría de Sanidade confirma que persoas sen recursos serán excluídas dos servizos de saúde públicos

Persoas sen recursos inscritas no Padrón menos de seis meses non serán atendidas gratuitamente nos servizos sanitarios públicos e as que teñan caducado o cartón só poderán renovalo por un período máximo de tres anos, mesmo no caso de padecerem doenzas crónicas, apesar dos compromisos internacionais do estado español, confirma a Consellaría de Sanidade.

<http://www.esculca.net/web/node/2888>



18/04/2012

A Conselharia consuma a ameaza e fecha centro de menores de Montealegre

O centro público de menores de Montealegre, em Ourense, botou o fecho. A Secretaria de Traballo e Benestar consuma assim a ameaza denunciada polos traballadores no final de xaneiro. Só um día despois de se publicar no DOG a amortización de postos de traballo do persoal, os menores eran trasladados em furgonetas ao complexo da Carballeira, tamén em Ourense.

<http://www.esculca.net/web/node/2891>



24/04/2012

10.000 persoas sen asistencia sanitaria na Galiza

O Consello de Ministros do pasado venres endureceu as condicións que se piden para acceder á tarxeta sanitaria, e con ela á atención sanitaria gratuíta. Xa non abonda con que unha persoa estea empadroada, como sucedía até agora, senón que se esixirá tamén a residencia fiscal, o que penaliza aqueles migrantes que neste momento se atopan sen emprego.

<http://www.esculca.net/web/node/2903>



28/04/2012

Prohiben por razóns formais manifestación contra as fumigacións masivas

A Delegación do Goberno español en Galiza resolveu "prohibir expresamente" a protesta convocada para as once da mañá do sábado en Melide en contra das fumigacións masivas con flufenoxurón que a patronal española do papel --Aspapel-- pretende levar a cabo nos montes de eucalipto, por considerar que o permiso foi solicitado con pouco tempo de antelación.

<http://www.esculca.net/web/node/2912>



06/05/2012

Peden a demisión do Valedor

Despois das recentes declaracións de Benigno Lopez sobre a Lei de Dependencia, que confirman unha actitude xa manifestada en anteriores ocasións con declaracións sobre a lingua ou as transferencias de tráfico, o Movemento polos Dereitos Civís lanza unha campaña de recollida de asinaturas para pedir a súa demisión como Valedor do Pobo.

<http://www.esculca.net/web/node/2928>



09/05/2012

A Xunta censura ciberacción de protesta contra as fumigación aéreas

O Goberno galego estende a pouta da censura á súa páxina oficial na rede social e elimina boa parte das 'recomendacións' que a cidadanía lle fixo chegar, desde Galiza e outras partes do mundo, exixindo a retirada da autorización para fumigar con insecticida Cascade 350.000 hectáreas, moitas delas protexidas pola Rede Natura.

<http://www.esculca.net/web/node/2934>



10/05/2012

Profesionais de medicina optan "pola ética antes que pola norma"

A Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (AGAMFEC) asegura que, apesar das instrucións do Ministerio de Sanidade, em que se indica que os médicos e médicas non poderán atender pacientes inmigrantes quando estes non tenham os papéis em regra, a/os profesionais galega/os apostarán "pola ética antes que pola norma".

<http://www.esculca.net/web/node/2935>



10/05/2012

Pregunta no Parlamento por malos tratos na prisión da Lama

As denuncias de malos tratos realizadas por varios internos do cárcere da Lama levaron o pasado 8 de maio o deputado Carlos Aymerich Cano a presentar perante a Mesa do Parlamento Galego, para a súa resposta por escrito, unha pregunta á Xunta de Galiza relativa ao serio deterioro dos dereitos que se vive neste centro penitenciario.

<http://www.esculca.net/web/node/2936>



14/05/2012

Teixeiro volta ser noticia por malos tratos e impunidade

A última agresión denunciada por internos do cárcere de Teixeira contra funcionarios da prisión por alegados malos tratos pon outra vez sobre a mesa a impunidade de que goza este tipo de práctica, tan infame como ilegal, apesar das reiteradas denuncias, entre elas varias de EsCULcA, de que o penal foi obxecto desde a súa entrada en funcionamento.

<http://www.esculca.net/web/node/2944>



19/05/2012

Impeden concentración de denuncia das políticas de Israel convocada por BDS-Galiza

Mais unha vez a administración do estado, neste caso a Subdelegación do Goberno en Pontevedra, decidiu limitar o exercicio do dereito de reunión a un colectivo cidadán alegando como único motivo razóns de tipo formal. Foi á plataforma BDS-Galiza, que pretendía denunciar as políticas xenocidas e a limpeza étnica que Israel practica contra o pobo palestino.

<http://www.esculca.net/web/node/2952>



23/05/2012

Manifestación anti-racista na Coruña

O Foro Galego de Inmigración e a Asociación Sen Papeis da Coruña convocan unha manifestación para o próximo día 27 de Maio que decorrerá sob o lema "[É racismo, non é austeridade](#)". A marcha sairá ás 18: 00h da Escola Municipal de Música (Rúa da Torre nº 67 - Campo de Marte) e rematará cunha Concentración no Obelisco ás 19:00.

<http://www.esculca.net/web/node/2956>



25/05/2012

O convenio da USC coa universidade Ben Gurión: un documento clandestino

Con ánimo de contribuir á transparencia das institucións e de camiño desclasificar un documento celosamente guardado, EsCULcA enviou [escrito](#) ao Sr. Casares Long, reitor da USC, solicitando acceso ao convenio que esta universidade asinou en xaneiro de 2010 coa Universidade Ben Gurión, unha institución "orgullosamente sionista" segundo a sua máxima responsábel.

<http://www.esculca.net/web/node/2963>



25/05/2012

Asistencia sanitaria e inmigración na Galiza. Un decreto xenófobo

En apenas tres meses, Médicos do Mundo detectou 30 casos de vulneración do dereito a asistencia sanitaria relacionados con persoas inmigrantes, entre elas 4 mulleres grávidas, como consecuencia da aplicación das medidas contempladas no decreto aprobado en setembro de 2001 pola Xunta de Galiza que anticipa a futura lei do goberno do Reino de España.

<http://www.esculca.net/web/node/2964>



30/05/2012

Multas por participar en acto poético en homenaxe a Carvalho Calero

O acto poético, que decorreu diante da casa natal do escritor e filólogo galego Ricardo Carvalho Calero, foi considerado pola Subdelegación do Goberno como unha "infracción grave". A Fundación Artábria leva mais de 15 anos lembrando a figura do intelectual, sociolingüista, filólogo e estudioso da nosa literatura diante da casa onde naceu en 1910.

<http://www.esculca.net/web/node/2969>



30/05/2012

Manifestación en Compostela polo dereito à saúde

Unha "sólida alianza" contra "os recortes e a privatización", a plataforma SOS Sanidade Pública, celebrará unha manifestación o vindeiro domingo en Compostela e faino. Sindicatos, grupos da oposición parlamentaria, asociacións veciñais, grupos estudiantís e de múltiples colectivos do ámbito da saúde deixan claro que desta volta o rexeitamento non é contra medidas e recortes concretos, mesmo non só contra os repagamentos presentes e futuros.

<http://www.esculca.net/web/node/2971>



30/05/2012

Desaloxan con violencia estudantes que protestaban polos cortes no ensino público

Segundo informa a [Liga Estudantil Galega](#), esta madrugada, sobre as 2:30h., a policía española desaloxou violentamente as estudantes, algunhas menores de idade, que permanecían pechadas na biblioteca municipal de Ourense dende a tarde de onte, en protesta contra os recortes no ensino público e as medidas de privatización e elitización da universidade.

<http://www.esculca.net/web/node/2972>



30/05/2012

Condenan sindicalistas que se refuxiaron dunha carga policial na Estación Marítima de Vigo

O xulgado do Penal número 2 de Vigo condenou Antolín Alcántara (CIG) e Ramón Sarmiento (CCOO) a 9 e 6 meses de cárcere respectivamente ao consideralos responsábeis dun delito de desordes públicas durante a folga de 2009. A maxistrada impón un castigo maior a Alcántara por entender que 'invadiu' as oficinas de control marítimo, suceso que califica de "moi grave".

<http://www.esculca.net/web/node/2973>



02/06/2012

Protesto cidadám em Compostela contra a privatizaçom do espaço público

Um número importante de pessoas juntou-se à frente do Palácio de Rajoi enquanto no interior se desenvolvía o pleno que o pasado 31 de maio aprovou a ordenança que restringe e mercantiliza o uso do espaço público em Compostela. Partiram do Toural às 17:30 e non cessaron no seu protesto durante as dúas horas seguintes apesar do intenso calor.

<http://www.esculca.net/web/node/2977>



08/06/2012

Veciño de Ferrol denuncia por agresión axentes da Policía Local

Alexandre Carrodegas rexistrou este mércores unha denuncia, con parte de lesións, no xulgado de garda, afirmando que dous axentes da policía local de Ferrol o agarraron e lle pegaron sen mediar provocación ou resistencia, despois de que na biblioteca lle comunicasen que non podía consultar Internet nos ordenadores do local.

<http://www.esculca.net/web/node/2992>



08/06/2012

EsCULcA presenta querela contra funcionarios de Teixeiro por agresión a un preso

O pasado 16 de maio, en exercicio do dereito da acción popular en materia penal e para a súa comparecencia como acusación popular, EsCULcA presentou querela criminal por supostos delitos de tortura, rigor innecesario e lesións contra funcionarios do C.P. de Teixeiro que alegadamente interviron na agresión a F.J.F.C. penado do centro.

<http://www.esculca.net/web/node/2994>



09/06/2012

Prohibición express dunha protesta en Cambados

Sen parar a valorar as implicacións de restrinxir o exercicio de dereitos fundamentais, a Subdelegación do Goberno en Pontevedra proibiu en apenas dous minutos a concentración que estaba previsto realizar o sábado 9 de xuño en protesta pola decisión do goberno municipal de erguer, sen debate en pleno, unha estátua a Manuel Fraga Iribarne.

<http://www.esculca.net/web/node/2995>



12/06/2012

Denuncia de EsCULcA contra funcionarios de Teixeiro por violación do dereito á defensa

EsCULcA apresentou o pasado 11 de xuño denuncia contra funcionarios do cárcere de Teixeiro por alegados delitos contra o dereito á defensa. Os funcionarios terían impedido ao interno FJFC entregar documentos á súa representante legal para que esta formulase alegacións contra a abertura de expediente e denuncia por malos tratos.

<http://www.esculca.net/web/node/3002>



15/06/2012

Condenados sindicalistas en Vigo por incidentes na folga do metade 2007

Antolín Alcántara, secretario confederal de Negociación Colectiva da CIG e o traballador J.A.G. foron condenados a un ano de prisión por desordes públicas durante a folga do metal de 2007. Ao xulgamento, que tivo lugar o pasado día 7 con forte presión policial no exterior da sala, asistiu como observador Borxa Colmenero, avogado de EsCULcA. A CIG recorrerá a sentenza.

<http://www.esculca.net/web/node/3004>



15/06/2012

Denunciam agressom a preso galego recluído em módulo de isolamento

Segundo o colectivo CEIVAR, o pasado día 8 o preso galego A.S.P. foi agredido por funcionarios da prisom de Aranjuez no módulo de isolamento, onde fora recluído por se ter negado a compartir cela quando ingresou no centro. Lembra CEIVAR que nesta mesma prisión, e também no módulo de isolamento, já fora agredido outro preso galego (S.V.D.).

<http://www.esculca.net/web/node/3005>



28/06/2012

Concentración contra a tortura en Ourense

O pasado 26 de Xuño, declarado pola ONU Día Internacional contra a Tortura, celebrouse na Praza do Ferro de Ourense unha concentración a que asistiron unhas 25 persoas de diversos colectivos, entre eles EsCULcA, que militan contra o exercicio desta práctica infame e ilegal, causa de 280 denuncias en 2011 no estado español segundo o relatorio da CPDT.

<http://www.esculca.net/web/node/3024>



28/06/2012

EsCULcA pede información ao Consello da Avogacía Galega

Con data 27 de xuño, o noso observatorio enviou [escrito](#) ao Presidente do Consello da Avogacía Galega solicitando información sobre a situación da proposta para a implantación dun sistema de asistencia xurídica penitenciaria que Concepción Arenal e EsCULcA fixeran a este órgano colexiado, directamente e por medio dos Decanos de diferentes Colégios de Advogados.

<http://www.esculca.net/web/node/3027>



28/06/2012

EsCULcA quer coñecer directamente a situación da sanidade e a educación nas cadeas

Fernando Blanco Arce, en representación de EsCULcA, solicitou á Secretaria Xeral de Institucións Penitenciarias poder realizar nos Centros Penitenciarios de Teixeiro e A Lama indagacións directas, mediante preguntas realizadas ás persoas internas, sobre a situación da asistencia sanitaria e as condicións de acceso á educación no interior do cárcere.

<http://www.esculca.net/web/node/3028>



28/06/2012

Onde cumprem condena as persoas com residêncía na Galiza?

Con data 25 de Junho, o presidente de EsCULcA, Fernando Blanco Arce dirixiu-se à Secretaria Geral de Institucións Penitenciárias para solicitar información referente ao número de persoas com residêncía em Galiza que se encontrám em situación de prisom preventiva ou cumprem condena em cárceres dependentes desse organismo situados fora da comunidade.

<http://www.esculca.net/web/node/3029>



29/06/2012

Pregunta sobre asistencia sanitaria e número de mortes na Lama

O elevado número de mortes acontecidas no cárcere da Lama durante o último ano (oito segundo a información que obra em poder do noso observatorio) levou o presidente de EsCULcA, Fernando Blanco Arce, a formular pregunta por escrito ao director do centro penitenciario onde varios funcionarios están sendo investigados por malos tratos a internos.

<http://www.esculca.net/web/node/3031>



30/06/2012

Resposta da Defensoría del Pueblo sobre identificación de axentes

A oficina da Defensoría del Pueblo remeteu a EsCULcA o pasado 20 de junho [escrito](#) en que comunica que a Direcçom Geral da Policía (DGP) afirma terem sido entregues três unidades de identificadores numéricos a cada agente das Forzas e Corpos de Segurança, que estes deberán colocar um na parte inferior do emblema do Corpo nos coletes anti-golpes.

<http://www.esculca.net/web/node/3033>



30/06/2012

Iniciativa de apoio a familiares de persoas presas en Ourense

A principios do mes de xuño, a asociación TEQUIO-COMITÉ DE ACCIÓN COMUNITARIA de Ourense puxo en marcha un proxecto de asesoramento e apoio a familiares de persoas recluídas no centro penitenciario de Pereiro de Aguiar. Funciona os luns de 20:15 a 22:00 horas no local social Sem um Cam (Rúa Vilar, 9) e ten teléfono de contacto: 619694284.

<http://www.esulca.net/web/node/3034>

Galiza, 04/06/2012